

**MEMORIA EXPLICATIVA**  
**da actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención**

É obrigatorio cubrir todos os apartados da memoria. No caso de que o espazo sexa insuficiente ou ben queiran ampliá-la, deberán achegar como documentación adicional, un PDF asinado dixitalmente.

**NOME DA ENTIDADE: ANPA CASTRO BAXOI**

**NIF: G15370273**

**CONCELLO AO QUE PERTENCE: MIÑO**

**ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 4.500 €**

**SUBVENCIÓN SOLICITADA: 3.600 €**

<b>TIPO DE ENTIDADE (marcar unicamente unha opción)</b>			
A. Cultural	B. Veciñal	<b>C. Educativa X</b>	D. Social e/ou asistencial

**Características e interese cultural da proposta**

1. Nome do proxecto e relación das actividades a desenvolver.

Dende a Anpa Castro Baxoi do Colexio Público Integrado “Castro Baxoi”, estamos a desenvolver un proxecto sociocultural centrado nos temas transversais destinado ás familias, coa finalidade de fomentar a través de diversas actividades culturais, formativas e educativas os valores cívicos, o respecto entre iguais en condicións de equidade entre o alumnado e o respecto co medio ambiente, así como a mellora das competencias educativas a través do fomento da imaxinación e da creatividade do alumnado e dos nenos e nenas coas súas familias.

O proxecto que levamos a cabo leva o seguinte nome:

Ⓢ DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO CULTURAL DESTINADO AOS NEN@S DO CPI CASTRO BAXOI.

As actividades que imos desenvolver neste proxecto englobase nos seguintes apartados:

*\* A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.*

**Os datos personais recollidos trátanse conforme ao disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección da datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.**

**MEMORIA EXPLICATIVA**  
**da actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención**

1. Actividades de educación para a igualdade: mediante á animación á lectura traballaremos a igualdade entre mulleres e homes e entre o alumnado e as familias desenvolvendo unhas sesións de contacontos para os nenos/as e as súas familias e unha unidade didáctica no centro educativo implicando ao profesorado.

- Contacontos da man de Caxoto Cativo Díaz Valle:

>“Contos vellos novos finais” coa mensaxe de non esquecer a necesidade dunha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

>“ Contos para vestirse de Entroido” no cal permite participar activamente aos máis pequenos, interpretando as distintas personaxes dos contos e fomentando así a súa imaxinación.

2. Actividades de educación cívica. Realizaremos actividades que fomenten a formación de actitudes e valores óptimos para o desenvolvemento dos nenos e nenas a través da creatividade e o desenvolvemento cognitivo traballando as artes plásticas e a robótica en diferentes obradoiros co obxectivo de potenciar a autonomía personal dos nenos/as, a súa actitude crítica e a súa creatividade.

3. Actividades de educación ambiental. Realizaremos actividades de educación ambiental ao aire libre no entorno das Fragas do Eume ao longo dunha xornada coa familia en contacto coa natureza e con monitorado especializado. Pretendemos fomentar nas familias valores ecolóxicos e de sostenibilidade ambiental e cultural creando coñecementos e hábitos respetuosos co medioambiente e non só respetuosos se non responsables, de convivencia e participación activa na conservación do medioambiente.

4. Actividades de educación musical. Realizaremos un festival musical con concertos didácticos e interactivos que fagan chegar unha mensaxe didáctica aos nenos de diferentes idades e ás súas familias, que sirva para divulgar a nosa lingua galega, e para potenciar o desenvolvemento das súas emocións.

2. Obxectivos que se perseguen.

Os obxectivos que se perseguen son, por unha parte o obxectivo principal do proxecto e os propios obxectivos de cada unha das actividades xa descritos no punto anterior.

Obxectivo xeral do proxecto: Tendo como fío condutor os temas transversais a finalidade é a de fomentar e construír os valores cívicos, o respecto entre iguais en condicións de equidade entre o alumnado e o respecto co medio ambiente, así como a mellora das competencias educativas a través do fomento da imaxinación e da creatividade do alumnado e dos nenos e nenas coas súas familias.

*\* A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.*

**Os datos personais recollidos trátanse conforme ao disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección da datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.**

## MEMORIA EXPLICATIVA

### da actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención

Obxectivos específicos das actividades:

\*Actividades de educación para a igualdade: Fomentar a igualdade entre mulleres e homes e a equidade entre o alumnado e as familias.

\*Actividades de educación cívica: Potenciar a autonomía personal dos nenos/as, a súa actitude crítica e a súa creatividade.

\*Actividades de educación ambiental: Crear nas familias valores ecolóxicos e de sostenibilidade ambiental e cultural creando coñecementos e hábitos respetuosos co medioambiente e non só respetuosos se non responsables, de convivencia e de participación activa na conservación do medioambiente.

\*Actividades de educación musical: Divulgar a normalización social da lingua galega e potenciar o desenvolvemento das emocións dos nenos e nenas e das súas familias.

3. Calendario das actividades.

O calendario das actividades que integran o proxecto será o seguinte:

- Ed<sup>a</sup>. Para a igualdade: Meses de febreiro e abril de 2018.
- Ed<sup>a</sup>. Cívica: Meses de febreiro a xuño de 2018.
- Ed<sup>a</sup>. Ambiental: Mes de xuño e setembro de 2018.
- Ed<sup>a</sup>. Musical: Mes de xuño de 2018.

#### **Destinatarios e impacto sociocultural**

4. Colectivos e persoas destinatarias.

As persoas destinatarias deste proxecto en xeral son o alumnado do CPI Castro Baxoi e as súas familias así como a comunidade educativa.

5. Descrición da labor de colaboración da entidade solicitante con outras entidades sociais e culturais, caso de existir, indicando nome de cada unha delas e actividades en que se produciu a colaboración

Colaboramos con Concello de Miño na conmemoración do Día das Letras Galegas todos os anos na programación e posta en marcha dos concursos dos certames, como xurado, dando difusión á actividades e o mesmo día na organización do evento.

*\* A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.*

**Os datos personais recollidos trataranse conforme ao disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección da datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.**

## MEMORIA EXPLICATIVA

### da actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención

6. Explicación da natureza e impacto sociocultural das actividades (número de persoas asistentes ou participantes, traballo con colectivos de especial interese social, etc).

O número de persoas asistentes ás actividades dependerá de cada unha das mesmas. Algunhas das actividades están deseñadas para que acuda un grupo concreto de especial interese como é a infancia e a xuventude. Noutras actividades como as de Educación Ambiental e as de Educación Musical temos previsto que participen moitas máis persoas posto que o público destinatario son as familias. Pero de todas as actividades levaremos un rexistro da participación nas mesmas.

7. Estratexias e ferramentas de difusión das actividades e de creación de públicos, se for o caso. Empregamos diversas ferramentas de difusión das actividades do proxecto:

- Web. A través da nosa páxina web [anpacastrobaxoi.gal](http://anpacastrobaxoi.gal)
- Redes Sociais. Facebook e Twitter
- Cartelería tradicional, formato papel colocado en panéis estratéxicos e enviado ao alumnado nas clases a través do profesorado.
- Correspondentes xuvenís (Xuventude-Xunta de Galicia). Grupo xuvenil contituido por alumnado de 3º e 4º de ESO que ten por obxecto informar ao resto do alumnado das actividades do seu interese que se levan a cabo.

8. Elementos innovadores presentes na metodoloxía, nos contidos ou nos recursos utilizados.

O principal elemento innovador na metodoloxía do noso proxecto é que vai a ser unha metodoloxía cualitativa, que non se centra tan só na mera cuantificación dos participantes ou en pasarlles un test de ítems básicos para avaliar a actividades senón que faremos un grupo de discusión coas persoas participantes das actividades e observacións participantes para comprobar a calidade das mesmas. É o noso un proxecto integral polo que o método cualitativo estará presente nos contidos e nos recursos, e finalmente na avaliación continua e avaliación final. Farase a través da interacción coas persoas implicadas nas actividades que o engloban.

*\* A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.*

**Os datos personais recollidos trataranse conforme ao disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección da datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.**

**MEMORIA EXPLICATIVA**  
**da actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención**

**Natureza Sociocultural, diversificación e estabilidade das liñas de traballo da entidade e do proxecto para o que se solicita apoio**

(As entidades das modalidades B, C e D deben desenvolver cada un dos conceptos de valoración específicos correspondentes ao tipo de entidade que se establecen na base 8.1.2 das bases específicas deste programa)

Colaboramos con Concello de Miño na conmemoración do Día das Letras Galegas todos os anos na programación e posta en marcha dos concursos dos certames, como xurado, dando difusión á actividades e o mesmo día na organización do evento.

Polo tanto contribuimos a normalización da nosa lingua galega nos últimos 3 anos.

Do resto de proxectos e actividades non podemos acreditar un traballo continuado nin na perspectiva de xénero, nin en medioambiente, etc. Posto que traballamos algúns anos unhas temáticas e outros anos outras.

**Para incluír o alugueiro do local da entidade como gasto subvencionable:**

Relacionar un mínimo de 20 actividades anuais que se van desenvolver no local da entidade (exclúense do cómputo as de natureza interna como reunións da directiva, asembleas de socios/as, ensaios, etc.)

*\* A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento. Os datos desta memoria deberán coincidir cos datos cubertos na solicitude telemática. No caso de discrepancia, prevalecerán os datos contidos na memoria.*

**Os datos personais recollidos trátanse conforme ao disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección da datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.**